

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



15-16 NOV

**A REVOLUÇÃO
DOS FESTIVAIS
ARTÍSTICOS**

*III FORO
INTERNACIONAL
DE ESPAZOS
PARA A CULTURA*

GAIÁS

CIDADE DA CULTURA



A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia con resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este novo espazo, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais internacionais e espectáculos de artes escénicas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, e o espazo de coworking “Emprende Cultura Gaiás”.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC). Sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

III FIEC



DAVID BINDER
PRODUCITOR



**MARÍA SHEILA
CREMASCHI**
HAY FESTIVAL
SEGOVIA



**HORTENSE
ARCHAMBAULT**
FESTIVAL D'AVIGNON



JESÚS CIMARRO
FESTIVAL INTERNACIONAL
DE TEATRO DE MÉRIDA



FRANCISCO MARTÍN
LA MAR DE MÚSICAS



JONATHAN MILLS
EDINBURGH
INTERNATIONAL
FESTIVAL

ÁNGELES BLANCO
MARTA GERVENO
DESEÑO E DIRECCIÓN

III FIEC ~ FORO INTERNACIONAL DE ESPAZOS PARA A CULTURA

A REVOLUCIÓN DOS FESTIVAIS ARTÍSTICOS



A Fundación Cidade da Cultura de Galicia celebra a terceira edición do *Foro Internacional de Espazos para a Cultura*, que terá lugar entre os días 15 e 16 de novembro de 2013 na Cidade da Cultura de Galicia. Nesta ocasión, e baixo o título «A Revolución dos Festivais Artísticos», centrará a súa atención na capacidade de transformadora de certos eventos sobre unha cidade e a súa comunidade.

Os festivais modernos naceron tras da Segunda Guerra Mundial; eran citas anuais creadas polos novos líderes modernos para enxalzar a cultura coma a maior expresión do espírito humano. En 1947, naceu o Festival de Edimburgo, ao que seguiron Avignon e outros tantos máis, cuxo labor centrábase principalmente na «Arte» con maiúsculas. Con eles, apareceron estrelas coma Laurie Anderson, Merce Cunningham ou Robbert Lepage, vehículos indispensables para a xestación dunha revolución.

Mais co paso dos anos, estes fóronse establecendo e, mentres o capital e a cultura se reactivaron, a aparición de Internet uniunos e as xerarquías desapareceron, emer-

xendo baixo a estela dos primeiros —que seguían a prosperar—, outra forma de festivais: eran eventos abertos que propuñan que a imaxinación e a creatividade non podían pecharse en edificios, que o diálogo entre o local e o global era esencial, que precisaban da plena participación do público converténdoo no verdadeiro protagonista.

Durante uns poucos días ao ano, estes festivais poden chegar a transformar grandes cidades ou pequenos núcleos urbanos en lugares invadidos por posibilidades infinitas de creación. Mais por riba de todo, a súa mensaxe é clara: a ocupación artística da cidade e a recuperación das rúas para os seus habitantes e visitantes. Igualmente, poderíamos falar do seu enorme impacto económico, mais esencialmente, axudan a unha cidade a expresarse e amósanos un mapa non só dela, senón tamén de nós mesmos.

O certo é que non existe unha única fórmula para o éxito destes eventos, mais o que si parece ser o seu denominador común é que capturan tanto a complexidade coma o entusiasmo do mundo no que vivimos hoxe en día.

PROGRAMA

XORNADA I

VENRES 15 DE NOVEMBRO

SESIÓN 0 BENVIDA E APERTURA

- 16:00 h. Inscripción e entrega de documentación
- 16:30 h. Presentación

- 17:00 h. Conferencia Inaugural
DAVID BINDER | Produtor

- 18:00 h. Pausa – Café

- 18:30 h. HAY FESTIVAL SEGOVIA
María Sheila Cremaschi, Directora

- 19:30 h. Debate – Fin de Sesión

XORNADA II

SÁBADO 16 DE NOVEMBRO

SESIÓN I

- 10:30 h. FESTIVAL D'AVIGNON
Hortense Archambault, Co-Directora

- 11:30 h. Pausa – Café

- 12:00 h. FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO DE MÉRIDA
Jesús Cimarro, Director

- 13:00 h. Debate – Fin de Sesión

SESIÓN II

- 16:30 h. LA MAR DE MÚSICAS
Francisco Martín, Director

- 17:30 h. Pausa – Café

- 18:00 h. EDINBURGH INTERNATIONAL FESTIVAL
Jonhatan Mills, Director

- 19:00 h. Debate – Fin de Sesión
- 20:00 h. Foro – Clausura

BIOS



© David Binder

DAVID BINDER

PRODUCTOR

www.davidbinderproductions.com

David Binder dedícase á produción de experiencias vitais extraordinarias. Produciu festivais, teatro de Broadway, Off-Broadway, e eventos especiais dunha soa función. Os seus créditos inclúen o *New Island Festival*, dez días de teatro, danza, música e arte visual holandés in situ na Governors Island de Nova York e *The High Line Festival* comisariado por David Bowie, con actuacións de Arcade Fire, Laurie Anderson, Meow, Meow e Ricky Gervais.

Outros créditos teatrais inclúen as producións de Broadway *A Raisin in the Sun* con Sean “Puffy” Combs e *33 Variations* con Jane Fonda. Créditos de Off- Broadway inclúen *De la Guarda*, *Fuerza Bruta* e *Hedwig and the Angry Inch*.

Produciu cinco espectáculos con Donmar Warehouse, incluíndo *Frost/Nixon* e *Mary Stuart* en Broadway, *Lobby Hero*, *Voyage Around My Father* con Derek Jacobi, e *Guys and Dolls* con Ewan McGregor e Jane Krakowski, no West End de Londres.

Máis recentemente, produciu *This Is Our Youth* con Michael Cera na Sydney Opera House. David foi nomeado catro veces aos premios Tony. É docente da Yale School of Drama e recentemente obtivo a *Anshutz Distinguished Teaching Fellowship in American Studies* da Universidade de Princeton. O ano que vén, en primavera, producirá *Hedwig* en Broadway, coa actuación estelar de Neil Patrick Harris.

MARÍA SHEILA CREMASCHI

HAY FESTIVAL - SEGOVIA & BUDAPEST, Directora

www.hayfestival.com



© María Sheila Cremaschi

Á súa formación coma Licenciada en Historia e actividade docente coma Profesora de Historia na Universidade Nacional de Córdoba (Arxentina), María Sheila Cremaschi engade un Máster en Xestión e Políticas Culturais e numerosos seminarios en diversas universidades internacionais.

Comezou a súa carreira en Bos Aires no eido das artes escénicas chegando a ter o seu propio teatro —o Teatro Café Mozart— e foi Directora de Programación do Teatro Nacional Cervantes (Buenos Aires).

É membro do Consello Consultivo e Representante na Unión Europea de arteBA Fundación, forma parte do comité organizador de Hay Festival of Literature and the Arts, e dende a súa creación, dirixe as edicións nas cidades de Segovia (España), e Budapest (Hungría).

É co-editora, xunto con Beltrán Gambier, da revista *Intramuros*. Polo seu traballo, recibiu numerosos recoñecementos e premios internacionais, entre os que poderían destacarse a Medalla Johann Strauss da cidade de Viena en 1983, a Distinción Cultural de Bos Aires en 1990, ou o Premio Impacto Mediático do Club Internacional de Prensa de Madrid en 2008.

BIOS

HORTENSE ARCHAMBAULT

FESTIVAL D'AVIGNON, Co-directora
www.festival-avignon.com



Photo: Ilka Kramer
© Hortense Archambault

Obtivo a Licenciatura Superior en Historia pola Universidade de París-Sorbonne (1994) e un DESS en Xestión Cultural da Universidade París-Dauphine (1994). En 1994 comezou a traballar no Festival d'Avignon coma axudante de produción con Vincent Baudriller.

En 1995 foi nomeada xerente do Théâtre de l'Opprimé e da compañía teatral de Augusto Boal. De 1995 a 1999 foi directora de produción do Etablissement Public du Parc e na Grande Halle de la Villette en París.

En 1999 volve ao Festival d'Avignon coma directora administrativa, e en 2003 foi nomeada directora con Vincent Baudriller.

A edición deste ano foi a última para ambos. Con eles, o evento adquiriu un aire máis contemporáneo, grazas en parte aos numerosos artistas internacionais, convidados con regularidade. Para darlle un toque final de beleza, Hortense Archambault e Vincent Baudriller convidaron a varios deses artistas a volver para presentaren unha produción dun único serán — Guy Cassier, Jan Fabre e Alain Platel formaron parte desta función de clausura—.

JESÚS CIMARRO

FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO CLÁSICO DE MÉRIDA, Director
www.festivaldemerida.es



© Jesús Cimarro

Empresario e produtor teatral, Jesús F. Cimarro é, dende 1988, presidente da produtora e distribuidora escénica Pentación Espectáculos. Na actualidade ocupa o cargo de presidente de APTEM- Asociación de Produtores e Teatros de Madrid, e vicepresidente de FAETEDA- Federación Estatal de Asociacións de Empresas Productoras de Teatro e Danza de España. Tamén é membro da Federación Europea de Empresarios de Espectáculos.

En 2003 foi o Director Artístico do Teatro Muñoz-Seca (2003). Dende 2005 é Director do Teatro Bellas Artes (Madrid), e dende 2010 Director Xerente do Teatro La Latina (Madrid).

Foi colaborador do diario *El Correo Español-El Pueblo Vasco* durante catro anos, e aínda hoxe continúa co seu labor coma articulista en diversas publicacións de índole teatral. É autor do libro *Producción, gestión y distribución del teatro en España* (Madrid, 1997). Ao longo da súa dilatada carreira produciu e distribuíu máis de oitenta espectáculos teatrais, moitos deles destacados títulos de éxito de público e crítica —en 2005 recibiu o premio Max ao Mellor Empresario Privado de Teatro—.

BIOS

FRANCISCO MARTÍN PEÑAS

LA MAR DE MÚSICAS, Director

www.lamardemusicas.com



© Francisco Martín

Paco Martín Peñas, natural de Cartaxena, leva toda a súa vida profesional dedicado ao mundo da Xestión Cultural. Proba diso é que é, dende hai 33 anos, Director do Cartagena Jazz Festival; dende hai 25 anos, da programación teatral do Novo Teatro Circo de Cartaxena; dende hai 18, programador da sección “Otras Músicas” do Auditorio Rexional de Murcia; e dende hai 20, Director do festival La Mar de Músicas, que se celebra en Cartaxena durante o mes de xullo en varios dos recintos e espazos urbanos máis emblemáticos da cidade murciana —é, sen dúbida algunha, un dos eventos con maior proxección internacional do noso territorio, que a través da súa programación musical e outras actividades paralelas, dá acceso a unha gran diversidade cultural existente no noso planeta e xeralmente descoñecida—.

Foi asemade, director do festival MuDanzas~Encuentros con la Nueva Danza e un dos integrantes de Mestizo, asociación que se creou a principios dos anos 90 en Murcia, para a difusión da cultura.

JONHATAN MILLS

EDINBURGH INTERNATIONAL FESTIVAL, Director e Xefe Executivo

www.eif.co.uk



Photo: Seamus McGarvey 2010
© Sir Jonathan Mills

Sir Jonathan Mills asumiu o cargo de Director e Xefe Executivo do Festival Internacional de Edimburgo en outubro de 2006. Anteriormente foi Vicerreitor (Docente) Adxunto na Universidade de Melbourne, Director de *Alfred Deakin Lectures* e Asesor Artístico do novo Melbourne Recital Centre & Elisabeth Murdoch Hall.

É un dos directores de festival máis experimentados de Australia, os seus anteriores cargos inclúen o de Director Artístico do Festival Internacional de Artes de Melbourne, o Melbourne Federation Festival, as celebracións do Melbourne Millennium Eve e do Festival Bienal Internacional de Música de Brisbane.

Como compositor recibe regularmente encomendas en Australia e cada vez máis no Reino Unido e Europa. A súa composición *Sandakan Threnody* para solo tenor, coro e orquestra gañou o Prix Italia en 2005.

É profesor visitante nas Universidades de Edimburgo e Edimburgo Napier, membro da Royal Society de Edimburgo e Presidente do Consello Asesor dos British Councils. Foi nomeado Oficial da Orden de Australia nos Honores do Aniversario da Raíña en 2011 e nomeado Cabaleiro nos Honores do Aniversario da Raíña en 2013.

INFO PRÁCTICA

Datas:

15 e 16 de novembro de 2013

Lugar:

Centro de Innovación Cultural (CINC)

Prazas:

155

Prezo:

Profesionais: 50 euros

Estudantes: 30 euros

Información e inscricións en www.cidadedacultura.org

Autobuses:

Liña 9: de luns a venres laborables e sábados pola mañá.

Liña C11: sábados tarde, domingos e festivos.

A Cantina da Cidade da Cultura conta con menú do día de 14:00 a 16:00 horas.

Rede Wifi dispoñible


Tele-Taxi:

981 56 10 28

Visitar a cidade:

www.santiagoturismo.com

COMO CHEGAR



PATRONOS FUNDACIÓN GAIÁS

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.



INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

Banco Gallego



Campo

GADIS



Astillero BARRERAS
V I G O

Estrella Galicia 



MONBUS 

